

As voces da auga

Ánxela Gracián



BAÍA EDICIÓN S

AS VOCES DA AUGA,
de
Ánxela Gracián
obtivo no ano 2018, *ex aequo*,
o VIII Premio de Literatura Infantil e Xuvenil
Meiga Moira convocado por Baía Edicións.
O Xurado estivo composto por
Marica Campo,
actuando como Presidenta,
Héctor Cajaraville, Dores Fernández López,
Belén López Vázquez e Andrea Macciras

“Os mortos non morreron.
Escoitan os vivos e as súas angueiras.
Escoitan as voces da auga”.

Birago Diop

“Vestido coa xeadá,
cuberto polo vento,
o neno abandonado”.

Matshuo Basho

Limiar

Dende que en 1979, na República Popular Socialista da China, o dirixente do partido comunista Deng Xiaoping sentenciara que todos os problemas do seu país teñen a súa orixe “no exceso de poboación” e decretara, como medida para paliar, a política do fillo único, un número non inferior a quince millóns de nenas foron sacrificadas polos seus pais, antes ou despois de nacer.

As parellas optaron por esperar polo tan desexado home e o número de abortos e infanticidios de nenas foi tan elevado que desestabilizou completamente o mapa demográfico chinés.

Dende o goberno decreouse o control da natalidade a toda costa, sobre todo entre os emigrantes rurais que vivían sen permiso de residencia nas grandes urbes. Para iso, aprobouse unha nova directiva na que as autoridades podía multar, expulsar e incluso obrigar a esterilizar aquelas parellas que incumprisen a normativa do fillo único. Os comités de planificación familiar podían irromper en calquera vivenda e meterse na intimidade das familias para comprobaren o cumprimento da política de natalidade, polo que as montañas, os ríos e os bosques se converteron na gorida de mulleres embarazadas que trataban de escaparen dos abortos impostos polas autoridades. Estes lugares foron tamén os cadaleitos desas nenas que naceran sen teren “permiso”.

As cifras deste masacre silencioso son estarrecedoras. Crese que, durante os anos 80 e os 90, se produciron anualmente arredor duns nove millóns de nacementos clandestinos de nenas que non foron inscritas en ningún rexistro. Moitas desas nenas morreron e as que lograron sobrevivir, dado que oficialmente non existen, carecen hoxe en día de todos os dereitos e, por suposto, non contan na ordenación escolar ou sanitaria nin poden exercer un traballo declarado.

Por elas, por todas esas nenas abandonadas en calquera recanto do mundo, tanto as que non se lles concede dereito á vida como as que carecen de dereitos, escribín esta historia.

Personaxes

Bai: unha das tres esposas do xeneral Lue Xi na China imperial.

Chi Meng e Wiù Xiùling: parella de xastres famosos pola súa capacidade para confeccionaren quipaos tradicionais. É na súa xastrearía de Yansghuo onde se confecciona o quipao que Li levará na Festa da Alma dos Bois.

Jíu Lián: pai de Tao e amigo de Wei Su, cando queda cego, tras o derrubamento das paredes da mina de Baise, recupera o seu oficio de músico, adiviño e contador de historias.

Li: filla de Wei Su, de catorce anos de idade.

Lü Mai: amiga da adolescencia e mocidade de Wei Su e muller comprometida coa Revolución.

Lue Xi: xeneral ao servizo do emperador. Cando triúnfala Revolución que pon fin á China Imperial, ten que exiliarse á Rusia de Stalin. Permíteselle a súa entrada de novo no país a custa de traizoar os seus e fornecer de información secreta ao novo Goberno.

Sima Su: pai de Wei Su, participa activamente na vida política que derrocou o réxime imperial loitando a favor do goberno de Mao. Cando este gaña a Guerra Civil, terá un posto importante no novo Goberno, pero, debido ao

seu pasado escuro de fillo de concubina, é encarcerado durante vinte anos nunha prisión comunista.

Tao: amigo e veciño de Li. Comparte coa moza a súa afección á natureza e é un alumno avantaxado na escola pola súa capacidade intelectual e o talento para a poesía.

Thep: capataz da Comuna de Guangxi, está ao cargo dos arrozais e das súas decisións depende a vida de moitas campesiñas e campesiños.

Wang Fu: campesiño ancián, compañeiro de Wei Su no arrozal.

Wei Su: ancián chinés, nacido no ano 1943, no Norte, na aldea de Gaomi e criado durante os primeiros catorce anos de vida coa súa avoa Yushué, concubina do xeneral Lue Xi. Viaxará co seu pai ao Sur e alí permanecerá o resto da súa vida. Casa con Xuga e é o pai de Li.

Xi Mu: mendigo que aparece na Festa da Alma dos Bois para lles avisar aos protagonistas que están sendo vixiados.

Xuga: esposa de Wei Su. Morre en estrañas circunstancias afogada no río Lijiang estando embarazada.

Yushué Wang: avoa de Wei Su, concubina do xeneral Lue Xi e vítima inocente da nova política da Revolución liderada por Mao Zedong.

Capítulo un

Un quipao para Li

Wei Su deixou sobre a cama de Li o quipao de seda vermella que lle encargara a Chi Meng, o mellor xastre da rexión. Aquela encomenda tivera lugar unha mañá, semanas atrás, cando o campesiño Wei Su fora coa súa filla Li na balsa de bambú, dende a súa casa na aldea de Jixiang ata o lugar onde vivía Chi Meng, moitos *li*¹ río abaixo.

Tristemente, varios días despois da encarga, a muller do xastre viñera traerlles o quipao xa confeccionado, facéndolles saber que aquela peza fora a última que cosera o seu home, pois este falecera a noite anterior, despois de cincuenta anos entregado á tarefa de darlle ao pedal, nun vaivén interminable da agulla, mentres lle ía pasando a vida, como se trazase naquela segunda pel o almanaque das rutas que, costura a costura, o habían levar á súa fin.

—Mira, que fermosura! —exclamara a muller de Chi Meng—. Vas estar moi guapa con el na festa!

—A miña primeira festa, que emoción, pai! —dixera Li, alumiñando o tecido daquel quipao con tanta delicadeza como se temese que se lle fose desfacer entre os dedos.

Baixo a man da rapaza, a tea de paisaxes románticas de outeiros verdes e nubes de dragóns vermellos esfachareaba en ondas coma un arrozal en días calmos cando é empu-

1 É unha medida de lonxitude tradicional que, na actualidade, representa 500 metros.

xado pola brisa. As augas movedizas da seda debuxábanse nidas, primeiro, para esvaeceren logo, cando Li as estiraba cos dedos.

Wei Su decidira regalarlle un traxe tan custoso á súa filla para saldar unha vella débeda de nostalxia co seu pasado. No entanto, sentía que aquel regalo tiña un sentido moi distinto ao que lle fixera tantos anos atrás á súa noiva Xuga, pois agora, alén de non correr risco ningún vestindo un quipao –dado que xa había moito tempo que rematara a prohibición de levar outra roupa distinta aos traxes austeros de cor azul que impuña o Partido Comunista–, aquela roupa tradicional dos tempos imperiais non estaba destinada a ser vestida na voda, como no caso da súa noiva Xuga, senón que tiña a función de presentar a Li ante o mundo por primeira vez.

«Presentala ante o mundo, que insensatez, mais tamén o é seguila ocultando, roubándolle así as oportunidades de ser feliz!», pensou Wei Su, confundido.

—Estás seguro que imos ir á Festa da Alma dos Bois² de Yangshuo, pai? —insistiu a rapaza coa ilusión posta no reberico dos ollos.

—Claro, filla! —respondeu Wei Su, emocionado.

—Pero o meu amigo Tao díxome que a cidade de Yangshuo está lonxe! —argumentou a rapaza.

—Non hai nada lonxe para un vello testán coma min nin para unha moza tan feita coma ti! —falou o home, convencido de que por fin chegara o momento de saíren de Jixiang.

—E como iremos ata alí? —preguntou Li.

2 Celebración en homenaxe ao gando no que todas as familias lles levan aos bois, despois dos ritos, un canastro de vapor de cinco cores de arroz glutinoso e un feixe de herba. Os ritos teñen lugar logo dos traballos no campo, pois coídan que os animais perderon a súa alma a causa do traballo e do arado.

—Baixaremos polo río na nosa balsa! —respondeu o campesiño feliz el tamén coa idea de ir con Li por primeira vez fóra da aldea.

—Non cansarás remando tanto tempo río abaixo? —inquiriu ela, preocupada pola longa viaxe ata Yansghuo.

—A corrente vén tan rápida que chegaremos nun brinco! —argumentou o home.

—Pero xa comeza a ir moita calor! —desafiou Li.

—Non te preocupes por iso! A festa aínda é dentro de dous meses e, para entón, por mor das choivas, a temperatura ha descender —respondeu Wei Su— e, daquela, nin a distancia ata o lugar nin as dificultades da travesía van poder vencerme.

—Tao tamén me dixo que a Festa da Alma dos Bois é unha das máis divertidas da rexión! —falou a rapaza, ao tempo que na súa cara se debuxaba un sorriso grande, que se ampliaba na súa mirada limpa.

—Non lle sobra razón ao teu amigo! Dende sempre, esa festa foi un punto de encontro para as xentes das distintas aldeas do río que veñen homenaxear con música os animais. Hoxe en día, aínda que acoden menos campesiñas e campesiños, o papel de homenaxe non se perdeu.

—Tao e seu pai tamén irán. Poderemos estar con eles, non si? —inquiriu Li con certa ansia.

—Claro, filla! Desexo que te divirtas tanto como me divertín eu cando fun con meu pai por primeira vez a esa festa. Tiña os mesmos anos que tes ti hoxe e acababamos de chegar a este lugar —aclarou Wei Su, lembrando con nostalgia os vellos tempos, cando era un rapaz acabado de chegar do Norte da China que se instalaba para sempre entre os campesiños das terras verdes e fértils do Sur.

—Ir á festa faima moita ilusión, o que xa non me chista tanto é levar posto este quipao, non porque non sexa bonito senón porque xa ninguén viste así, nin sequera nas grandes ocasións. Non comprendo por que queres que o leve? —preguntou Li, mirándose ao espello.

—Non che sei explicar que emoción interior me producen aínda as nosas vellas tradicións! Creo que é porque non logro esquecer todos aqueles anos que vivín con miña avoa Yushué nun concubinato, entre mulleres vestidas con quipaos coma este que che regalei. Claro que ti non tes por que levalo, se non che gusta! —falou o ancián emocionado.

—Non, non, si que me gusta, tan só me vexo estraña! —falou a rapaza, ollándose de novo no espello.

—Tamén Xuga, miña esposa, se sentía así coma ti, cando, para me agradar, vestiu un quipao na nosa voda! —aclarlulle Wei Su á súa filla, amosándolle unha foto na que unha parella de mozos novos sorría feliz ante a cámara.

—Miña nai era moi guapa, non si, pai? —preguntou Li ollando a fotografía con detemento—. Eu non me parezo moi to a ela, va que non, mais ben, non me parezo nada, non si?

—Si que era moi guapa e ti tamén o es, aínda que non, non te pareceas a ela, iso é certo! —comentou Wei Su con nostalgia.

—Que mágoa non tela coñecido! —queixouse a moza—. Morreu ao eu nacer, non si, pai?

—Certo —afirmou Wei Su, abatido—, pero non me gusta falar deses momentos tan tristes.

—Pero eu necesito saber como foi, coñecer os detalles! —pediu a moza.

—Que detalles? Ela marchou do meu lado e viñeches ti a min! Se fago memoria, acórdome, como se fose hoxe, do

día en que te tiveron nos brazos por primeira vez e xa pasaron catorce anos! Catorce anos, Li! —respondeu el cos ollos cheos de bágoas e a mirada recuada cara a un tempo e un momento que xa non existían e que, ao lembralos, no fondo o enchían dun medo que non se atrevía a verbalizar.

Capítulo dous

Unha nova vida no Sur

Durante a súa infancia, Wei Su vivira no Norte, nun concubinato coa súa avoa Yushué, ata que, á idade de catorce anos, viñera co seu pai Sima Su ao Sur, instalándose na vila de Xixué, situada nas montañas, moi preto do nacemento do río Lijiang. Alí ambos estiveran vivindo varios anos, o pai ata que o castigara o Partido exiliándoo lonxe. Wei Su ata que Li aparecera na súa vida. Ese día deixara atrás a vila Xixué e fuxira con ela moitos li río abaixo, ata chegar aos arrozais de Jixian, onde agora vivían.

Iso acontecera había exactamente catorce anos.

Wei Su tomara a decisión cando, ao ter a bebé nos brazos, se sentira invadido dunha emoción súpeta, coma unha mecha que produce unha explosión interior. Entón, gardara nunha fardela todo o necesario para unha longa viaxe e, colocando un improvisado berce na balsa, descendera o curso do río Lijiang, coa nena envolta nunha manta que a protexía do sol e do frío, ata atopar un lugar seguro onde ninguén o puidese recoñecer. A súa travesía durara trinta días coas súas trinta noites, sempre a bordo da balsa, aproveitando a forza das correntes.

Cando Wei Su vira unha longa extensión de depósito de area na beira do río, decidira deterse. Entón chantara catro pilotes de madeira de mango e, sobre eles, asentara unha estrutura de bambú, de modo que formase unha plata-

forma na que levantar as paredes, sobre as que colocara un teito de canas e palla entrelazadas. A cabana, así edificada, non podía ser arrastrada polo río cada vez que o seu caudal aumentaba, algo que sucedía sempre durante a temporada das chuvias, pois o Lijiang formaba enchentes tan grandes que levaban consigo todo canto atopaban ao seu paso, pero, así edificada, tampouco era tragada polas augas, pois estas escoaban por baixo das vigas, deixando a estrutura en pé, aínda que as correntes fosen moi fortes.

Wei Su empregara troncos de bambú para as paredes e as vigas, por seren un material impermeable. Ademais, díciase que o seu recendo traía a amabilidade, a modestia e a serenidade aos seus habitantes. Para o teito, utilizara a palla dos arrozais que protexían da calor e da chuva, aínda que, verán tras verán, houbera que revisar a cuberta, mendando as fendas que o paso do inverno fora formando.

Wei Su dispuxera tamén un apendre que servía de abeiro para os animais, así como de almacén de obxectos inservibles, amoreados ao longo do tempo, como apeiros de labranza do arrozal, sombreiros cónicos de palla, tarros baleiros e cheos de po que albergaban as conservas artesanais que el mesmo fabricaba; alí había tamén caixas de cartón, varias cadeiras rotas e todo tipo de ferragachos que xa non tiñan utilidade ningunha, pero dos que non vía o momento de se desfacer.

A estrutura principal da palafita estaba composta por dúas dependencias separadas por unha pequena cociña cun wok tradicional construído nunha parede de pouca altura. En cada un daqueles cuartos había un *kang*³ e un sinxelo

3 É un sistema de calefacción radiante que pode utilizarse como cama durante a noite.

armario de madeira de abeto, lacado en negro, que se usaba para gardar a roupa.

Sobre unha mesa pequena e rústica, que utilizaban para comer, pero tamén como espazo de traballo, estudo e xogos, había un busto de Sidharta, o deus da destrución e da rexeneración. A imaxe estaba formada por unha soa cara dividida en dúas metades, o *yin* e o *yang*, o masculino e o feminino representado en ambos sexos á vez. A pesar de estar formado na doutrina comunista, Wei Su mantiña aquela especie de crenza supersticiosa no budismo e rendíalle homenaxe á imaxe de Buda, acendéndolle candeas cada día, ao tempo que lle colocaba tamén mazás e pexegos, así como diñeiro falso, como modo de amosar respecto polos seus devanceiros.

No teito do seu cuarto, suxeito con cordas de bambú, estaba pendurado un *shou mu* ou “caixa da longa vida”, como a súa avoa Yushué prefería chamarlle.

Tal e como Wei Su lembraba, a súa avoa Yushué mandara construír aquela tomba moitos anos atrás, cando el era aínda moi neno e vivía con ela no concubinato. Fixérao co desexo de ser soterrada cunhas exequias cerimoniosas, fronte á oposición firme do seu fillo Sima Su, para quen ese tipo de enterro significaba negar os novos tempos que impoñía a Revolución, e, consecuentemente, ser mirado con reserva polo novo Goberno, cun Mao moi mozo e cheo das ínfulas da vitoria á fronte, que esixía que os mortos fosen incinerados, pois as exequias tradicionais desperdiciaban unha terra que debía ser cultivada para alimentar unha poboación en constante aumento.

—Fillo, por favor, prométeme que non me queimarás! Non quero consumirme no lume cando morra! Como me

reunirei co meu home, se o meu corpo se converte en cinsas? —pedíalle a pobre avoa Yushué ao seu fillo Sima Su, pateando cos seus diminutos pés vendados no chan—. Non hai nada máis terrible que a carne ardendo no lume!

—Que máis che dá arder estando morta, nai! Non che ten que importar nada iso porque xa non existirás! —explicáballe Sima Su, convencido de que a teimudeza de Yushué, ademais de estar lonxe da política que impoñían os novos tempos, poñía en risco a vida del mesmo e a do seu propio fillo Wei Su.

No entanto, a palabra “queimar” fixera que o rapaz que entón era Wei Su —tiña exactamente os mesmos catorce anos que agora tiña a súa filla Li— se estremecese e lle suplicase ao seu pai Sima Su que tivese en conta a petición da avoa Yushué.

—Non podo facelo, fillo. Entende que non me convén contrariar as ordes do Partido —explicáralle Sima Su, preocupado e molesto á vez pola intromisión do rapaz Wei Su en favor da avoa.

—Pero, pai, non che pide tanto, só que a soterras nesa tomba que ela mesma mandou construír! —suplicara Wei Su.

—Agora aínda es moi novo, Wei, pero sei que, cando te fagas un home, o entenderás. Sabes que solicitei voluntariamente traballar nos arrozais do Sur, onde quero exercer o meu oficio de mestre e quero que ti e mais a miña nai Yushué veñades comigo. Para que mo concedan, non podo cometer ningún erro! Tes que entenderme, fágoo por nós, por ela, por ti, por min, polo noso futuro xuntos!

Cando aquela conversa tivera lugar, Wei Su estaba moi contento porque acababa de coñecer “aquele estraño” pros-

crito fuxido ás montañas que para el era ata entón o seu pai Sima Su. Porén, cando o coñecera e lle anunciara que viñera buscalos para levalos con el ao Sur, Wei Su sentírase confundido, «marchar a un novo lugar, que contrariedade», pensara, pero aínda se contrariara moito máis cando a nai do seu pai, a súa querida avoa Yushué, se negara a acompañalos, porfiando en esperar polo “seu home”, detido nunha prisión comunista.

—Agardarei o regreso do meu señor nesta casa! —insistira a avoa Yushué, sen que nada a fixese cambiar de opinión.

—Pero, nai, entra en razón, “o teu señor” non volverá buscarte nunca! —argumentara o seu fillo Sima Su.

—Diso nada, a súa terceira esposa, a miña querida Bai, tamén o esperará aquí canda nós, as concubinas. Esperaré-molo todas xuntas!

—Por que te negas a entender que nos novos tempos, o Partido prohíbe a poligamia! Agora Bai xa non é a súa esposa senón unha muller libre e sen marido e as concubinas tamén sodes libres, dado que este goberno non recoñece o amancebamento! —aclaráralle Sima Su a Yushué, sen lograr comprender por que a súa nai era tan pouco permeable á nova mentalidade da Revolución.

—Non fales así, fillo! Non cho permito! Bai é moi amable deixando que permaneza aquí con ela! Ti e mais o neno deberíades quedar tamén aquí con nós. Esta sempre foi a nosa casa e nuns meses todo vai volver ser coma antes! —argumentara Yushué.

—Sabes que non é certo! Os tempos dos emperadores imperiais non van volver! Tes que aceptar que ese modo de vida morreu para sempre! Anda, entra en razón e ven con

nós para o Sur! Alí espéranos un futuro próspero e cheo de alegrías! —pedíralle o seu fillo Sima Su con agarimo.

—Non, non insistas! Eu de aquí non me movo! Onde había estar mellor ca na miña casa servindo o meu home que tivo que se ausentar? —retrucara Yushué con verdadeiro fervor de concubina—. Cando el regrese, comprobarás que teño razón!

—Está ben! Xa que nada podo facer por ti, pois non consigo convencerte de que debes acompañarme, desexo que comprendas que, agora que triunfou a Revolución e xa non son un proscrito da lei, obrigado a vivir refuxiado nas montañas coma o fuxido que fun todos estes anos, necesito ter ao meu lado ao meu fillo —faloulle Sima Su tentando explicarlle a nova situación por última vez.

—Vaite ti só, se iso é o que queres, pero ao neno non mo leves.

—Iso non pode ser. Son seu pai! Tes que entendela! —explicáralle Sima Su compunxido e ao mesmo tempo impaciente por marchar.

—Pois non, non o entenderei nunca! E quero que saibas o moito que me magoas arrincándomo dos brazos!

—De verdade que marchas así, sen che importar a dor que me causas? —recriminara Yushué negándose a aceptar a marcha do neno Wei Su, que saloucaba abrazada por derradeira vez ao neno Wei Su—. Non o leves, por favor!

—Non podo facer outra cousa! —retrucara Sima Su enfadado, ao tempo que lle poñía unha man ao seu fillo no ombreiro e o cominaba a subir tamén ao camión—. Vamos, Wei!

Fora entón cando o seu pai Sima Su lle explicara ao neno Wei Su que, durante a guerra entre nacionalistas e

comunistas que China vivira na década dos anos trinta, el loitara a favor do goberno de Mao e que, por esa razón, non puidera ocuparse do fillo, deixándoo naquel concubinato a cargo da súa nai, a avoa Yushué.

—Agora que Mao chegou ao poder, sei que hei ter a miña oportunidade no país que se está construíndo. Estou entusiasmado co Partido e creo, con todas as miñas forzas, que a nova doutrina do comunismo vai cambiar un territorio empobrecido polas loitas fratricidas. Ademais, eu, dende o meu oficio de mestre de escola, servirei admirablemente a nova causa, ensinando a ler e a escribir ás mulleres, xa que a maioría non saben nin poñer o seu nome.

Iso acontecera había xa moitos anos, tantos que el, que agora pasaba dos setenta, acababa de facer catorce, a mesma idade que hoxe tiña a súa filla Li. No entanto, a pesar de tanto tempo transcorrido, Wei Su lembraba a despedida da súa querida Yushué con tristeza.

Sabía que eran precisamente os afectos de todas as mulleres da súa vida os que marcaran sempre a súa existencia. Primeiro, o da súa querida avoa Yushué. Logo, o da súa madrastra, unha campesiña da etnia *zhuang*⁴, que era case analfabeta. Despois, a da súa esposa Xuga.

Por iso, cando o destino o desafiou, poñéndolle a bebé que era Li nos seus brazos, respondeu con valentía, devolvendo todo aquel amor que sempre recibira.

—Talvez só somos a tenrura que recibimos! —faloulle Wei Su a esa imaxe de si mesmo que se reflectía esa tarde no espello do río Lijiang.

4 Segundo grupo étnico da República Popular da China, que habita na súa maioría na rexión autónoma de Guangxi Zhuang.

Capítulo tres

O shou mu ou caixa da lonxevidade

Efectivamente, o día en que o mozo Wei Su cumprira catorce anos, os mesmos que tiña agora a súa filla Li, o seu pai Sima Su viñera buscalo para levalo con el aos arrozais do sur, separándoo para sempre da súa querida avoa Yushué e daquel mundo de concubinas.

Cando hoxe Wei Su, xa ancián, contemplaba aquela “caixa da lonxevidade” que colgaba no alto do seu kang suxeita por unhas cordas, lembrábase dela con tristeza. Durante cada noite daqueles catorce anos que viviran xuntos, a muller estivera tan preocupada pola súa propia morte que aproveitara cada ocasión de repouso para lle escribir longas cartas ao seu fillo Sima Su, nas que lle pedía que a soterrasese dentro daquela suntuosa e delicada tomba que mandara facer, construída con madeira de ciprés de dez centímetros de grosor, lacada con varias capas de pintura verde, sobre as que mandara gravar, con delicados caracteres en mandarín, un aforismo que dicía:

*“O dano que fagas serache infrinxido,
o ben que fagas serache devolto”*

—Por que a tomba a mandaches facer tan grande, avoa? —preguntáralle o neno Wei Su cando a vira rematada por fin logo de meses de traballo dos artesáns.

—Paréceche moi grande, meu rei? —inquirira ela sorprendida.

—Pois si! Moito! Ben caben dentro dela dúas avoas coma ti! —aclarara o neno Wei Su.

—Faima falta deste tamaño porque quero que me vistades con toda esas mortallas que encarguei e tamén as miñas alfaias, adornos e enfeites —aclarara ela, amosándolle con fachenda a carísima e delicada roupa mortuoria que posuía.

—E logo vas precisar tanta cousa cando morras? —preguntáralle curioso Wei Su.

—Nunca se sabe o que nos pode facer falla no Máis Alá! —respondera ela totalmente convencida da existencia da outra vida.

Wei Su perdera o rastro daquel cadaleito durante moito tempo, pero, un día, moitos anos despois, xa sendo el un home adulto que vivía coa súa muller Xuga na aldea de Xixué, viñeran entregarllo á porta da súa casa. Fora Sima Su quen llo fixera chegar, xunto cunha carta na que lle falaba do seu desexo de “*ser incinerado nunha cerimonia austera organizada polos membros do Partido. Respecto deste shou mu dos tempos imperiais que pertenceu á túa avoa Yushué* —explicaba seu pai na carta— *pensaba desfacirme del, pero non fun capaz de queimalo, así que decidín enviarcho. Sei que ti, mellor ca ninguén, saberás darlle o uso que merece esta antigalla*”.

Aquela tomba imperial era unha peza de incalculable valor, que curiosamente sobrevivira aos anos duros da Revolución Cultural, a pesar de ser considerada polo Goberno un testemuño burgués pertencente a outra época. Wei Su non a doara a un museo porque talvez Li necesitase o diñeiro que lle darían por ela no mercado

negro de antigüidades. Se non o necesitaba, sabía que un día tería que atopar a forza necesaria para se achegar a Yangshuo e doala, pois só así podería ser admirada por toda a poboación como un testemuño do pasado, aínda que desfacerse da tomba supoñía pechar definitivamente as portas ao mundo fascinante da concubina Yushué. O mundo da feliz infancia!

Algunhas noites, Wei Su viaxaba ao pasado, a través da imaxe daquel cadaleito que penduraba do seu *kang*. Entón lembrábase con alegría dos anos vividos entre mulleres vestidas de quipaos de satén ricamente bordados e cabelos adornados con xoias.

Neses intres volvía ser o neno traste e alegre que se divertía cos xogos das adiviñas do farol ao que arrolaban con fermosas cantigas de berce que, ás veces, se sorprendía a si mesmo cantando de novo, como a primeira vez que tivo a Li nos brazos e tentou adormentalala cantándollas para que deixase de chorar.

Canda os versos do arrollo, chegaba tamén a lembranza nítida do día en que aparecera o seu pai por primeira vez, para levalos con el ao Sur, pero a avoa negárase a marchar e entón el non atopara forzas para lle dicir adeus. Sabía que, se o facía, Yushué había ver os seus ollos cheos de bágoas e había sentirse defraudada. Pensaría que todos aqueles anos de educación na fortaleza que ela tentara infundirlle non servirán para nada. Fora por iso polo que preferira marchar coa lembranza da tarde anterior na que ela estaba a fritir boliños de fariña de arroz recheos de porco agridoce para a esposa Bai e o resto das concubinas.

—Non importa que chores, fillo! Chora porque, se non o fas, se che partirá o corazón! —aconselláralle Sima Su, xa

no camiión, cando se decatara de que o seu fillo Wei Su pechaba os ollos para conter as bágoas.

Dende o mesmo momento en que comezaran a atravesar as diferentes rexións que os levarían dende as terras altas do río Amarelo, nas que medraba vizoso o sorgo, no Norte, ás terras baixas e lamacentas do Lijiang, tan fértiles para o arroz, no Sur, Wei Su xa estaba botando en falta á avoa Yushué. Nesa viaxe prometérase a si mesmo que, cando medrase, había volver á beira dela para amparala na vellez, acompañala na morte e outorgarlle as exequias suntuosas dentro daquel *shou mu* que ela tanto desexaba. Mais nunca cumprira a promesa e o enterro que ela tanto desexaba non fora posible.

Un ano e medio despois de viren vivir el e seu pai ao Sur, o Goberno da recentemente inaugurada República Popular, cun Mao mozo e cheo de aires de cambio á fronte como presidente, enviáranlle unha carta lacrada ao camarada Sima Su, onde lamentaba comunicarlle que *“a súa nai, a cidadá Yushué Wáng fora condenada a dez anos de traballos no Campo de Rehabilitación de Gaomi polas súas ideas reaccionarias e pola súa incapacidade para a adaptación ao pensamento da Revolución, pensamento que faría da China un país grande e igualitario”*. A carta engadía tamén unha información moito máis triste: *“Daquela longa condena, Yushué só cumprira un ano, pois falecera a comezos do segundo ano, aferrada ás vellas ideas imperialistas”*.

Por iso agora, xa ancián, cando, noite tras noite, deitado no seu *kang*, contemplaba aquela caixa da lonxevidade que penduraba no teito da cabana, Wei Su tomaba consciencia do inxusto abandono e da soidade absoluta en que vivira o último ano a súa querida avoa e lamentaba non ter



sido máis persuasivo para lograr convencer o seu pai, cando a morte de Yushué lles foi notificada, de ir buscar o cadáver e ofrecerlle á anciá unhas exequias dignas.

Quizais fora por ese sentimento de culpa, nunca redimido, polo que aquela mañá chuviosa de finais de febreiro, catorce anos atrás, cando Li aparecera na súa vida, decidira afrontar o destino, sen preguntarse sequera se aquel risco lle había custar moi caro.

Wei Su nunca se arrepentira da súa decisión.

Sabía que de volver ter que decidir, actuaría do mesmo modo.

Efectivamente, procurarlle unha vida digna a Li significara saldar unha vella débeda do pasado, pois, dado que non cumprira a promesa feita á avoa Yushué de soterrala no seu *shou mu*, honrábaa agora coa certeza de que ela, onde queira que estivese, o estaría a ver coidando de Li con tanto amor como ela coidara del.

Ademais das contas saldadas, Li trouxera á súa vida baleira o entusiasmo que perdera cando a súa esposa Xuga falecera.

O día en que tivera nos seus brazos aquel vurullo de sangue e sabas que era Li vinda de nacer, Wei Su vendera a búfala, non sen antes tirarlle vinte cabazas de leite; logo, metera nunha fardela as catro cousas importantes que posuía e abandonara para sempre a súa casa de Xixué para marchar tan lonxe río abaixo como llo permitirán as súas forzas.

Foran trinta días coas súas trinta noites, remando sen descanso ata sentir que estaba o suficientemente afastado do seu pasado como para que ninguén o puidese recoñecer no novo lugar.

Só entón se detivera, poñendo o pé na beira areosa e baldía que formaba o río Lijiang, antes de entrar na buliciosa aldea de Jixiang suficientemente afastado de intrigas e desconfianzas que puidesen desvelar o misterio do nacemento da súa filla Li.